

*Resolución D/009/2011, do 14 de abril de 2011, pola que se convoca concurso público para a contratación de persoal docente (CPD02). Curso académico 2011-2012.*

A dirección do Centro Universitario da Defensa (en diante, CUD) na Escola Naval Militar de Marín (en diante, ENM), no uso das súas competencias, e tras aprobación na reunión do Padroado do 8 de febreiro de 2011, resolve convocar concurso público polo procedemento de urxencia para cubrir as necesidades docentes existentes mediante a contratación en réxime laboral de persoal docente, para os perfís que se relacionan no anexo I. Este concurso rexerase polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, así como polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992), e pola normativa reguladora do procedemento para a provisión de prazas de persoal docente e investigador do CUD na ENM, aprobada na reunión do Padroado do 8 de marzo de 2010.

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

#### 1. Requisitos dos solicitantes.

1.1. Todos os requisitos se deberán posuír con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao referido prazo e, de estar redactados en idiomas distintos ao galego ou ao castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

1.2. Para resultar admitidos, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados, aos cales, en virtude de tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se preveña nos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España. Os nacionais de Estados distintos dos apuntados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados sempre que se encontren legalmente en España, dispoñendo do documento que os habilite para residir e acceder sen limitacións ao mercado de traballo.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación indicada no perfil do anexo I. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá presentarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como profesor de universidade. Para as prazas de categoría PCUD2, requirirase estar en posesión do título de doutor así como a avaliación positiva da súa actividade pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade ou pola Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia que lle permita ser contratado como axudante doutor.

d) Ter aboadas as taxas de participación en proceso selectivo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopasen en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estar inhabilitados ou en situación equivalente nin ter sido sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas correspondentes á praza.

#### 2. Presentación de solicitudes.

2.1. Os interesados deberán presentar unha solicitude (que se axustará ao modelo que figura como anexo II desta resolución e que se dirixirá ao director do CUD), acompañada de toda a documentación xustificativa dos requisitos e acreditativa dos méritos, por cada unha das prazas ás que concursen.

2.2. As solicitudes poderanse obter na páxina web do Centro Universitario da Defensa (<http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de Profesorado - Concursos de Profesorado Temporal - Modelo de solicitude). As solicitudes, acompañadas de toda a documentación, remitiranse por correo postal, dentro do prazo de envío de solicitudes, ao enderezo: Centro Universitario da Defensa, Escola Naval Militar, praza de España, s/n, 36900, Marín, Pontevedra. Ademais, dentro dese mesmo prazo, débese remitir vía web un exemplar do modelo de solicitude (anexo II) asinado. Para a devandita tarefa, farase emprego do formulario que figura na web <http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de Profesorado - Aplicación para envío de solicitudes.

2.3. Coa instancia de solicitude, achegaranse necesariamente os seguintes documentos e será causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Copia simple do documento acreditativo da identidade (DNI, NIE, pasaporte...).

b) Copia simple do título académico exixido en cada praza, ou da certificación de pagamento dos dereitos de expedición do título, ou se é o caso, da credencial de homologación expedida polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Para as prazas de categoría PCUD2, requirirase a presentación dunha copia do título de doutor así como da credencial que certifique a súa avaliación positiva por parte do órgano correspondente para poder ser contratado como axudante doutor.

c) Xustificante de pagamento, dentro do prazo de presentación de instancias, de 40,54 euros por praza en concepto de taxas de participación no proceso selectivo, na conta corrente 0182 3619 41 0201509310, BBVA. Centro Universitario da Defensa. Taxas, facendo constar no impreso o código do concurso CPD02 e a/s referencia/s da/s praza/s. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando para iso exclusivamente o impreso de solicitude (anexo II) ou mediante transferencia bancaria. En ambos os dous casos, no concepto da operación deberá constar obrigatoriamente o DNI do interesado así como a referencia da praza á que concursa.

Estarán exentos de pagamento os aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificados na categoría especial; os membros de familias numerosas clasificados na categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.

Así mesmo, estarán exentos de pagamento os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, o mes anterior á data de publicación da convocatoria e que nese prazo non rexeitasen unha oferta de emprego axeitada nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional, aspectos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego. Así mesmo, deben carecer de rendas superiores en cómputo mensual ao salario mínimo interprofesional, o cal se acreditará mediante declaración xurada ou promesa escrita da persoa solicitante, para o que se poderá utilizar o modelo que figura no anexo IV (dispoñible para descarga na web do CUD).

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de instancias non é emendable e determinará a exclusión definitiva do concurso da persoa aspirante, agás que se acredite estar exento do pagamento da citada taxa.

2.4. Para as prazas de categoría PCUD2, requirirase:

a) Documento que certifique a avaliación positiva da actividade do candidato pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade ou pola Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, para poder ser contratado como axudante doutor.

b) Declaración de non ter superado o período de cinco anos de contrato laboral como profesor axudante doutor en calquera universidade española, nin un total de oito anos de contrato como profesor axudante e axudante doutor, segundo o modelo que figura no anexo V (dispoñible para descarga na web do CUD).

2.5. Para as prazas de categoría PCUD3, requirirase declaración de non ter superado o período de cinco anos de contrato laboral como profesor axudante en calquera universidade española, nin un total de oito anos de contrato como profesor axudante e axudante doutor, segundo o modelo que figura no anexo V.

2.6. O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48º da Lei 30/1992.

2.7. A publicación no taboleiro de anuncios do CUD así como na súa páxina web dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992.

3. Outra documentación.

3.1. *Curriculum vitae* detallado.

3.2. Certificación académica en que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e a data destas.

3.3. Copia simple dos xustificantes de todos os méritos alegados (só se valorarán os méritos suficientemente acreditados).

3.4. Proxecto docente referido ás materias que se indican para cada praza no anexo I.

Todos os méritos das persoas solicitantes se deberán posuír con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os documentos acreditativos dos méritos alegados polas persoas interesadas terán que estar estruturados conforme o modelo de currículo que se pode obter na web do CUD (<http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de Profesorado - Concursos de Profesorado Temporal - Modelo de *curriculum vitae*), coas páxinas numeradas e encadernados ou suxeitos de calquera outro modo que os manteña unidos de xeito sólido e permanente, garantindo que se impida a posterior inclusión ou perda de documentación. Os libros e outros materiais non encadernables presentaranse en arquivos tipo A-Z ou similar, identificados con número de orde, número de concurso, referencia da praza e nome da persoa que aspire á praza. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá achegarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional finalizado o devandito prazo.

#### 4. Relación de admitidos e excluídos.

Nun prazo máximo de 15 días naturais desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a Xerencia do CUD publicará nos lugares indicados na base 2.7. a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación dos motivos de exclusión. Os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles para a emenda de erros e a emenda das causas de exclusión. Posteriormente, o director do CUD ditará resolución aprobando a relación definitiva de admitidos e excluídos.

#### 5. Valoración dos méritos.

5.1. Os méritos serán valorados por unha Comisión Específica do CUD, composta tal e como se sinala na normativa reguladora do procedemento para a provisión de prazas de persoal docente e investigador do centro, que se someterá na súa actuación ao previsto na Lei 30/1992.

A comisión quedará validamente constituída coa asistencia de dous membros e poderá actuar requiríndose sempre a presenza do presidente e do secretario ou, no seu caso, dos que os substitúan.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, limitándose o seu labor a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores elevarase ao director do CUD e seralles de aplicación o especificado anteriormente para os membros da comisión. Así mesmo, cando o número de aspirantes o faga conveniente, poderá solicitar do director do CUD a designación de persoal colaborador.

5.2. O baremo para a cualificación dos concursantes pódese obter xunto ao modelo de solicitude na web do CUD.

5.3. No mesmo acto de Constitución, a Comisión Específica do CUD establecerá os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle. A devandita comisión publicará estes criterios antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. De existir calquera incompatibilidade, o baremo publicado na web prevalecerá sobre os criterios de valoración da Comisión Específica do CUD.

5.4. Recibida a documentación dos aspirantes admitidos, a Comisión Específica do CUD disporá dun prazo de dez días naturais para avaliar os méritos dos candidatos. Os devanditos méritos serán cualificados cun máximo de 100 puntos nesta fase.

5.5. Como resultado do proceso de valoración obxectiva dos correspondentes currículos, a comisión xerará unha lista de preseleccionados para unha entrevista. O presidente da comisión convocará os aspirantes á entrevista cunha antelación mínima de cinco días hábiles, indicando lugar e hora para realizala. A convocatoria realizarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web do CUD.

5.6. A entrevista realizarase nas dependencias do CUD e valorará o compromiso dos candidatos cos fins deste, recollidos no punto 3 da cláusula segunda do convenio de adscrición, a súa idoneidade de acordo cos criterios previamente establecidos para a adxudicación das prazas, así como a súa destreza docente. Valorarase o proxecto docente presentado, de acordo coa súa adecuación á materia da praza obxecto de concurso, así como os seus coñecementos de lingua inglesa. A comisión valorará especialmente a capacidade dos candidatos para impartir a docencia das súas materias en lingua inglesa tanto a través da valoración do currículo como da propia entrevista. A fase de entrevista cualificarase cun máximo de 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para superala.

5.7. Unha vez realizadas as entrevistas, a comisión procederá a elaborar a proposta de provisión. A comisión adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes e, en caso de empate, decidirá o voto do presidente. O acordo de adxudicación da praza constará de:

a) Proposta de provisión da praza a favor do candidato que obteña a puntuación máis alta, indicando os concursantes que se consideran idóneos para ser contratados. A comisión poderá acordar a non provisión da praza, motivando esta decisión.

b) Relación de todos os candidatos ordenados pola puntuación total.

c) Puntuacións detalladas dos candidatos en cada unha das epígrafes e sub-epígrafes do baremo.

5.8. A expresión da puntuación final e a súa desagregación para cada epígrafe servirán de motivación á proposta de adxudicación. Este acordo, xunto coa documentación dos concursantes, enviarase á Dirección do CUD que o publicará nos lugares previstos na base 2.7.

5.9. Cos candidatos que figuren na proposta de provisión constituirase unha lista de espera, na orde de prelación en que figuren.

#### 6. Resolución do concurso.

6.1. O director do CUD resolverá o concurso establecendo a data de inicio do contrato.

6.2. O delegado da Universidade de Vigo elevará ao reitor a proposta de concesión da *Venia Docendi* para os candidatos propostos para a contratación. A obtención da *Venia Docendi* será requisito imprescindible para ser contratado.

6.3. A Xerencia do CUD convocará o candidato para que achegue a documentación necesaria para formalizar o contrato. De non comparecer na data indicada sen mediar causa abondo, así apreciada pola dirección do CUD, considerarase que o candidato renuncia ao contrato, convocándose ao seguinte candidato na orde de prelación que figure na proposta.

6.4. De presentarse algunha reclamación, e en canto non se resolva, poderase contratar o candidato proposto incluíndo no contrato unha cláusula extintiva condicionada á resolución da reclamación. De confirmarse o candidato proposto, o contrato continuará a súa vixencia; no caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación do novo candidato proposto, sen que neste caso, o contrato poida ter efectos anteriores á data da súa firma.

#### 7. Reclamacións.

Contra os acordos de adxudicación, os candidatos admitidos poderán interpoñer reclamación ante o director do CUD no prazo de cinco días naturais dende a publicación daqueles. O director do CUD ditará a correspondente resolución esgotando a vía administrativa e que será notificada aos reclamantes.

#### 8. Contratación e obrigacións.

8.1. Profesor PCUD2 (véxase táboa de dedicación docente no anexo III): o contrato será de natureza laboral a tempo completo por un período inicial dun ano, prorrogable ata un máximo de tres anos. A prórroga realizarase anualmente de xeito automático salvo existencia de informe en contra. As retribucións brutas anuais ascenderán a 28.500 €.

8.2. Profesor PCUD3 (véxase táboa de dedicación docente no anexo III): o contrato será de natureza laboral a tempo completo por un período inicial dun ano, prorrogable ata un máximo de tres anos. A prórroga realizarase anualmente de xeito automático salvo existencia de informe en contra. As retribucións brutas anuais ascenderán a 22.040 €.

8.3. O período de proba será de seis meses, considerase superado sempre que non conste obxección contraria dentro do devandito prazo.

8.4. As especificacións que constan no anexo para cada praza non suporán para os adxudicatarios vinculación exclusiva a esa actividade docente nin limitará a competencia do CUD para asignarlle outras obrigas docentes e/ou investigadoras. O centro reserva para si o dereito de definir anualmente que materias dese curso deben ser impartidas en lingua inglesa.

8.5. De acordo co previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, os contratos estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e disposicións que a desenvolvan.

8.6. As partes expresamente establecen a non suxeición ao Convenio Único para o Persoal Laboral da Administración Xeral do Estado.

#### 9. Documentación.

9.1. Unha vez finalizado o concurso, a documentación presentada polos solicitantes permanecerá almacenada na Xerencia do CUD.

9.2. A devandita documentación deberá ser retirada pola persoa interesada unha vez transcorrido o prazo de tres meses, contado desde a publicación da resolución do concurso, sempre e cando non se presentase ningún recurso contra a devandita resolución. Transcorrido un mes despois do devandito prazo, procederase á destrución da documentación que non fose retirada.

#### 10. Final.

10.1. As taxas de participación serán reintegradas de oficio aos aspirantes cando o proceso selectivo non se realice, sempre que cubrisen os datos bancarios necesarios para realizar a devolución.

10.2. A convocatoria, as súas bases e cantos actos deriven desta e das actuacións das comisións poderán ser impugnados polos interesados no prazo e na forma establecidos pola Lei 30/1992.

10.3. A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, non obstante, o órgano competente para resolver, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto impugnado, poderá suspender, de oficio ou por petición deste, a súa execución segundo o legalmente establecido.

Marín, 14 de abril de 2011.

José María Pousada Carballo  
Director do Centro Universitario da Defensa  
na Escola Naval Militar de Marín

#### *ANEXO I*

#### **Prazas. Concurso profesorado CUD (código CPD02) Curso académico 2011-2012 Profesores contratados**

Referencia da praza: 02-PCUD3-01.

Categoría: PCUD3 Contratado. Prazas: 3.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: Termodinámica e transmisión de calor, Mecánica de fluídos, Resistencia de materiais, Fundamentos de electrotecnia e Fundamentos de sistemas e tecnoloxías de fabricación.

Referencia da praza: 02-PCUD3-02.

Categoría: PCUD3 Contratado. Prazas: 1.

Titulación: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Perfil: Introducción á xestión empresarial.

Referencia da praza: 02-PCUD2-01.

Categoría: PCUD2 Contratado. Prazas: 1.

Titulación: doutor.

Perfil: Química e Tecnoloxía ambiental.

Referencia da praza: 02-PCUD2-02.

Categoría: PCUD2 Contratado. Prazas: 1.

Titulación: doutor.

Perfil: Física I e Física II.

*ANEXO II*  
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN													
<i>Convocado proceso selectivo para a provisión da praza que se indica, SOLICITO ser admitido como aspirante para a súa provisión e DECLARO que son certos os datos presentados e/ou alegados</i>													
DATOS DA PRAZA													
Código do concurso	CPD02	Categoría		Referencia da praza									
Perfil													
DATOS DO/A CANDIDATO/A													
Apellidos e nome													
DNI		Data de nacemento											
Enderezo				Código postal									
Localidade			Provincia										
Teléfono			Correo electrónico										
<p>De proceder o reintegro das taxas de participación, solicito que se transfira á conta (indíquense os 20 díxitos):</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="text-align: center;">código de banco</td> <td style="text-align: center;">código de sucursal</td> <td style="text-align: center;">D. C.</td> <td style="text-align: center;">número de conta</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; width: 15%; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; width: 15%; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; width: 5%; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; width: 65%; height: 20px;"></td> </tr> </table>						código de banco	código de sucursal	D. C.	número de conta				
código de banco	código de sucursal	D. C.	número de conta										
En ..... de ..... de 201.....													
Sinatura													
<p>DIRECTOR DO CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA NA ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN</p>													

**ANEXO III****Dedicación docente do profesorado do CUD**

Categorías	Categoría equivalente LOU	Dedicación docente (horas)		Dedicación centro (horas)
		Semanal**	Anual	
PCUD1	Contratado doutor	12	360	60
PCUD2	Axudante doutor	12	360	60
PCUD3	Axudante	5	150	40
PCUD4-3	Asociado	5	150	40
PCUD4-4	Asociado	6	190	40
PCUD4-5	Asociado	7	230	45
PCUD4-6	Asociado	8	270	45
PCUD5	Invitado		75	20

\* As horas de dedicación ao centro entenderanse como o tempo que o profesor dispón para asistencia a reunións, comisións e outras actividades propias do centro.

\*\* As horas de clase semanal repartiranse entre teoría, prácticas ou laboratorio e tutoría presencial.

**ANEXO IV****Modelo de declaración xurada ou promesa**

Don/Dona .....  
con DNI/NIE/Pasaporte ..... e  
nacionalidade.....

DECLARO, BAIXO XURAMENTO OU PROMESA, para os efectos de exención de taxas, que non percibo rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

..... de ..... de 201.....  
(localidade) (día) (mes) (ano)

NOTA: é obrigatorio xuntar informe dos servizos públicos de emprego, sobre a situación de demanda de emprego do mes anterior á convocatoria: inscrición sen rexeitar ofertas de emprego nin accións de orientación, inserción e formación.

**ANEXO V****Modelo de declaración profesor axudante ou profesor axudante doutor**

Don/Dona .....  
NIF/NIE: .....

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, para os efectos de participar nos concursos de prazas PCUD2 e/ou PCUD3 no Centro Universitario da Defensa, de conformidade cos artigos 49º e 50º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro) modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).

Que anteriormente non estiven contratado como profesor axudante nin axudante doutor neste centro nin noutro da Universidade de Vigo, nin noutra universidade.

Que estiven contratado como profesor axudante e/ou axudante doutor neste centro ou noutro da Universidade de Vigo ou doutra universidade, pero sen esgotar o tempo máximo de oito anos de duración conxunta. A duración dos contratos foi a seguinte:

Tipo de contrato (axudante/axudante doutor)	Data de inicio	Data de finalización	Centro e universidade

E, para que así conste, para os efectos de poder participar no concurso de prazas CPD02 do Centro Universitario da Defensa, asino esta declaración.

..... de ..... de 201...

Asinado: .....

DIRECTOR DO CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA  
NA ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN

## VENDA DO DIARIO OFICIAL DE GALICIA

**A CORUÑA**

Librería Arenas. R/ Cantón Grande, 21. Tfno.: 981 22 24 42  
Librería Inoa. R/ Federico Tapia, 55. Tfno.: 981 23 31 09

**FERROL**

Kiosco-Librería Sol. R/Sol, 74. Tfno.: 981 35 55 09

**LUGO**

Librería Souto. Praza Maior, 14. Tfno.: 982 22 87 11

**OURENSE**

Librería Aníbal e Hijos, S.L. Avda. da Habana, 65  
Quiosco La Viuda. R/ Lamas Carvajal, 46. Tfno.: 988 22 43 49

**PONTEVEDRA**

Papelería Cositas. R/ San Antoniño, 11-13. Tfno.: 986 85 97 34  
Librería Benito Carbal, 1. Tfno.: 986 85 44 35 (Luis Paredes Rey)

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Xunta de Galicia. Rexistro Xeral-Edif. Admto. San Caetano  
Librería Toral. Cantón do Toural, 7. Tfno.: 981 58 89 92  
Papelería Xaquín. R/ Nova de Abaixo, 10. Tfno.: 981 59 94 51